

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 21 DE AGOSTO DE 2012.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CORENTA E CINCO MINUTOS** do día **VINTEÚN DE AGOSTO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Alcaldesa Presidenta **DNA. PAULA MARÍA FERNÁNDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos concelleiros, **D. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ** e **D. KLAUS BREY MONTAÑA**, e do Secretario accidental (decreto de 27.07.2012) da Corporación **DON JULIO MÉNDEZ CASTRO**.

A Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á seguinte Orde do Día:

1º.- VALORACIÓN DAS PROPOSICIÓNS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA SUBMINISTRACIÓN DE UN VEHÍCULO FURGONETA CON CAIXA ABERTA BASCULANTE.

1º.- VALORACIÓN DAS PROPOSICIÓNS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA SUBMINISTRACIÓN DE UN VEHÍCULO FURGONETA CON CAIXA ABERTA BASCULANTE.

Por parte da Alcaldesa dase conta do informe emitido polo técnico da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Carlos Barros López, con respecto ás propostas das empresas **DITRAN AUTOMOCIÓN, S. L. U.** e **TALLERES XISTO, S. L.** co fin de valorar as prescricións técnicas dos vehículos ofertados por estas Empresas, e no que literalmente se expresa:

“...Con respecto a las propuestas de las firmas Ditrán Automoción, S. L. U. (Mercedes Benz) y (Renault), a nuestro juicio técnico, queda excluida la propuesta presentada por la firma correspondiente a la marca Renault, de fecha 6 de agosto de 2012, por no ajustarse al pliego de prescripciones técnicas, ayuda sistema de freno A. S. R., entre otras.

Por ello se propone su adjudicación a la firma Ditrán Automoción, S. L. U.”...

Á vista de este informe, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- A exclusión da empresa **TALLERES SIXTO, S. L.** do procedemento por non axustarse ao prego de prescricións técnicas mínimas.

2º.- Propor a adxudicación do contrato para a subministración de un vehículo furgoneta con caixa

aberta basculante para o Concello de Silleda, previos os trámites establecidos no art. 151.2 TRLCSP, á empresa DITRÁN AUTOMOCIÓN, S. L. U., que pola documentación aportada acadou unha puntuación de 100 .

3º.- Requerir á Empresa DITRAN AUTOMOCIÓN, S. L. U. para que, dacordo co establecido no art. 151.2 TRLCSP, no prazo de **cinco días hábiles**, presente a seguinte documentación:

- Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, mediante presentación de certificacións expedidas polos órganos competentes.
- Constituir a garantía definitiva por importe do 5% do importe total da adxudicación, excluído o I. V. E., por calquera dos medios a se refire o art. 95 e concordantes do TRLCSP.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sr. Alcaldesa Presidenta levántase a sesión as catorce horas e dez minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario accidental, dou fe.

A Alcaldesa,



O Secretario accidental,

